

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN SAÚDE MENTAL "A MARIÑA" PARA O MANTEMENTO DUNHA VIVENDA TUTELADA PARA MULLERES CON ENFERMIDADE MENTAL QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regula no seu artigo 48 a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranxa aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a



normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 (Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero) e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, (Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero), contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, entre as que se atopan varias dirixidas a garantir recursos habitacionais adecuados e suficientes para todas as mulleres, independentemente da súa diversidade funcional/discapacidade.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022, senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación do Ditame, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia.

A Asociación Saúde Mental "A Mariña" ten entre os seus obxectivos os de prestar asistencia continuada ás persoas con enfermidade mental persistente para lograr a súa rehabilitación social, así como apoio ás súas familias, na área de A Mariña. Conta cunha longa experiencia na xestión de dispositivos de apoio e programas terapéuticos, sendo a única asociación destas características na Mariña lucense, sendo titular dunha vivenda preparada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, e compe os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.



Así mesmo entre os seus fins figuran os de incorporar a perspectiva de xénero de forma transversal no ámbito da saúde mental para evitar situacións de vulnerabilidade social deste colectivo obxecto de múltiples factores de discriminación así como promover a autonomía e empoderamento da muller con enfermidade mental incorporando a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de cara a mellorar a situación das mulleres con enfermidade mental que padecen situacións de violencia de xénero, dada a inexistencia de recursos específicos en Galicia para a atención a este colectivo, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Asociación Saúde Mental "A Mariña" para o mantemento dunha vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero.

O obxecto do convenio é a colaboración no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento da dita vivenda, comprometéndose a Asociación a manter o centro en funcionamento e a prestarlle a estas mulleres con enfermidade mental vítimas de violencia de xénero un servizo integral de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

